




# Altermundo

abaixo e á esquerda  
está o **corazón**

TEMPOS NOVOS | TERCEIRA QUENDA | NÚMERO 06 | MARZO 2013

PÁX 02. EIVAS



## O engano verde

**Guadalupe Rodríguez**, de Salva la Selva, critica a utilización do termo sustentabilidade polas multinacionais

PÁX 04. EIVAS



## A terra non se vende

A campaña CRECE, de Intermón Oxfam, denuncia o acaparamento das terras de cultivo dos máis pobres

PÁX 12. ALTERNATIVAS



## Contra o sistema

**Ecoar)))** propón a confluencia de activistas e accións para avanzar cara un outro sistema, anticapitalista e xusto

Xoán Hermida trasladouse a Coímbra para conversar con Boaventura de Sousa Santos, un dos imprescindíbeis

# “Temos que aspirar a conquistar o poder”



**Vivimos tempos de mudanzas. Para o profesor Boaventura de Sousa, un dos sociólogos máis recoñecidos do altermundismo, a crise do 2008 mostrou que o capitalismo financeiro ten vitalidade para producir as carencias e para controlar a resolución das carencias.** Pero tamén que obviamente non houbo resolución ningunha, de xeito que nos atopamos nunha desfeita dende o ollar social e político. Neste contexto, se cadra falar de crise do capita-

lismo global pode parecer un chisco utópico. Mais o doutor postula que é posible que se estea a dar unha transición paradigmática a varios niveis, epistemolóxico, societario, político... só que son transicións seculares, que levan tempo. Están a emerxer movementos que por todo o mundo tentan practicar por medio da política outros saberes e faceres, outras filosofías, outras cosmovisións, como é moi visíbel hoxe en África, na rexión Andina e en Asia.



# O mito moderno do ‘sustentábel’



Guadalupe Rodríguez  
Salva la Selva

Non só a publicidade e os media, tamén as políticas institucionais levan un tempo convencéndonos de que producir e mercar masivamente pode contribuír a salvar o mundo

O título podería ser máis ben, “O mito moderno do ‘sustentábel’ e a seguir destruíndo o planeta.

O que chaman consumo “sustentábel” –que abrangue non só produtos necesarios, senón tamén produtos superfluos e de gran luxo– crea a falsa impresión dun comportamento ético ou responsábel. Pero o acto de mercar por mercar non pode ser nunca sustentábel. O modo de vida en torno ao consumo leva implícita a idea de “non prescindir de nada”. Un auténtico compromiso co planeta implicaría máis ben rexeitar de plano certas áreas do consumo.

“Sustentábel” significa –especialmente en ecoloxía e economía, que se pode manter durante longo tempo sen esgotar os recursos ou causar grave dano ao ambiente. Desenvolvemento, economía sustentábel? É a definición do dicionario da Real Academia da Lingua Española RAE.

Pero o “sustentábel” está tan manoseado que en ocasións resulta confuso. Empresas, gobernos e medios de comunicación empregan esta verba de xeito deliberadamente abusivo. Un recurso natural utilízase de forma sustentábel se non se esgota, se é posíbel a súa rexeneración e a súa produción e reprodución futura. Unha pro-

ducción auténticamente sustentábel de bens ou servizos requirirá unha organización da vida en torno á auténtica protección da natureza, da conservación da biodiversidade. Non só local, senón

social. Así acontece cando se fala por exemplo de minería sustentábel, ou produción sustentábel de enerxía. A consideración do aspecto sustentábel é demasiado estreita e apunta máis ben a xustificar estas actividades, e até a impoñelas.



## Bling, bling, o brillo que cega

Na vida cotiá, as cidadás e cidadáns chegamos a dobregar moi a miúdo a nosa vontade perante bens, servizos e obxectos de consumo que requiren grandes cantidades de materias primas e enerxía: electricidade e calefacción, telecomunicacións, grandes infraestruturas, tecnoloxía, transporte de persoas e mercadorías. Comer carne e produtos lácteos, utilizar cosméticos e produtos de beleza, gadgets electrónicos –ipads, ipods, toda clase teléfonos portátiles, ordenadores, consolas–, voar barato, renovar de seguido o vestuario, xoias, beber refrescos das grandes multinacionais... Todas estas tendencias pásannos por riba impoñéndo-

tamén nacional e globalmente, atendendo a protexer ecosistemas e poboacións e atendendo ás súas necesidades. A meirande parte de esquemas de avaliar a sustentabilidade céntranse con todo en aspectos case exclusivamente económicos, ignorando o ecolóxico e o

senos, pero non melloran realmente a nosa calidade de vida. Porén, si concentran ganancias e poder en mans das grandes empresas e industrias que se esforzan por todos os medios de convencernos de que sigamos a mercar por mercar.



A web de Coca-Cola, coma as doutras transnacionais, insiste sorprendentemente na sustentabilidade

### Multinacionais sustentábeis?

Moitos compradores están saturados e en realidade posúen xa todo o que necesitan. O slogan publicitario pasa a ser o de que “comprando, salvamos o mundo”. Cada vez máis empresas únense á tendencia de “defender a natureza”. Saben que isto lles produce sustanciosos beneficios.

Acusada de acaparar as fontes de auga comunitarias en lugares como México ou a India, até a Coca-Cola dise sustentábel. Igualmente chocante é que se digan sustentábeis megaempresas multinacionais como Ikea, que vende cen millóns de mobles cada ano en todo o mundo, para os que demanda 12 millóns de metros cúbicos de madeira; ou que unha liña aérea como Lufthansa queira voar sustentabelmente, cando utiliza 30 millóns de litros combustíbel ao ano e emite á atmosfera unha cantidade inmensa de gases daníños para o clima.

Pola súa banda, outras multinacionais como Zara, Adidas, ou Walmart producen e venden de xeito masivo, esnaquizando tecidos empresariais locais, explotando traballadores, terceirizando as producións, esclavizando seres hu-

manos e afectando severamente ao medio. Que se denominen sustentábeis non é ecolóxico, nin moito menos ético.

Producir continuamente tal cantidade masiva de “bens” e obter as materias primas e enerxía necesarias para producilos, conduce sen dúbida a hipotecar a humanidade e o patrimonio ecolóxico. As super-ofertas págaas sempre a natureza.

### A maldición das materias primas

Ouro, prata, cobre, níquel, litio, aceite de palma ou de soia, cana de azucre, cacao, café, algodón, salmón ou camaróns son recursos mineros e produtos agroindustriais de alta demanda. Presentar a extracción e a produción industrial a grande escala de calquera destas materias primas como “sustentábeis” é a gran mentira verde do noso tempo. Alá onde existen estes recursos existe o risco de que as multinacionais obtengan concesións para a súa explotación.

A minaría industrial ao descuberto e a grande escala nin é nin poderá nunca ser sustentábel, aínda que as grandes compañías mineras como Barrick, Rio Tinto ou AngloGold enchan as súas páxinas web con esta palabra. Tampou-

co é en ningún caso sustentábel a agricultura industrial a grande escala ou agrogocio, que require un acaparamento sen precedentes de terras de cultivo que previamente era traballada por poboacións rurais; e o uso masivo de agrotóxicos para o control das pragas e o aumento da produtividade. Para mostra un botón, Monsanto, o xigante das sementes transxénicas tenta por todos os medios tamén de crear ao seu redor unha imaxe sustentábel á vez que pasa como unha apisoadora sobre a agricultura tradicional acabando literalmente coa vida rural de moitas rexións e así coa existencia de moitas comunidades e familias labregas. Por iso, tampouco son entón sustentábeis os produtos producidos a partir destas materias primas. Nin a extracción de carbón, de gas ou de petróleo. Nin o seu transporte, distribución, venda ou consumo. Todas as grandes empresas petroleiras falan incisivamente de sustentabilidade nas súas webs, incluída BP, causante da mais recente catástrofe petroleira no Golfo de México, pero tamén Shell, Chevron ou Repsol, todas elas ligadas a violacións

## Presentar a extracción e a produción industrial a grande escala de calquera destas materias primas como “sustentábeis” é a gran mentira verde do noso tempo

de dereitos humanos, contaminación do medio natural e accidentes e derrames petroleiros de diversa consideración.

A resistencia cidadá e rural cada vez máis numerosa non é pois gratuita, senón que obedece á elevada preocupación dos pobos polos seus dereitos fundamentais e polo medio natural da súas contornas.

## Lembra



**S**e te venden a idea do "sustentábel" a grande escala industrial non é para protexer a natureza, senón para xerar e manter mercados.

As estratexias que promoven un uso "sustentábel" dos recursos a grande escala industrial, conducen –no medio de palabras bonitas– a perdas de economías locais, de ecosistemas, de biodiversidade e de modos de vida tradicionais de pobos rurais e indíxenas.

Si ou si, moitos recursos, materias primas e até fontes de enerxía como o petróleo están ao bordo do esgotamento. As nosas sociedades modernas están a desenterrar o auténtico benestar ou "bo vivir", a proximidade e o respecto aos demais e á natureza. Moi atrás quedan aspectos fundamentais para o ser humano como o territorio, o traballo, a saúde, a educación e ata o pensamento, os sentimentos ou as emocións. Non te deixes enganar pola palabra "sustentábel". Só é unha verba. Mira sempre máis aló. Evita o consumo por imposición e polo puro gusto. Usa menos bens de consumo, aqueles realmente necesarios e cunha vida máis longa. Non te deixes cegar co brillo do ouro.

### Máis e máis crecemento...

Os mercados son globais, impoñen máis "crecemento" como "solución" para a crise económica. O sistema establece que todo o tempo hai que producir e vender "algo". Para impulsar tal crecemento irra-



O Cumio dos Pobos, paralelo ao oficial de Río, reclamou a participación activa da cidadanía

cional, politicamente deciden, aproban e fomentan toda clase de infraestruturas, proxectos extractivos de materias primas mineiras, petróleo, gas e *comodities* agrícolas. As transnacionais fan cifras marca, e concentran cada vez máis a riqueza.


## Formas de organización auténticamente participativas e responsábeis son as que poden marcar o camiño correcto

Problemas globais exacerbados coa globalización como o fame, a seca, a mudanza climática, ou a destrución de ecosistemas importantes, como as últimas selvas tropicais, requiren respostas políticas contundentes que rematen coa corrupción e os privilexios, e que apunten a solucionar –e non a dilatar– os problemas sociais e económicos.

O Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional, a Organización das Nacións Unidas e as súas convencións marco –ou a súa conferencia de desenvolvemento sustentábel celebrada o ano pasado en Río–, van dictando as políticas económicas e enerxéticas que han de ir tomando os países dos hemisferios Norte e Sur. Pero estes foros están dominados pola palabra das transnacionais, convidadas de honra e socias destes espazos de poder, e con toda seguridade, ningún dos grandes problemas da humanidade vai solucionarse con máis do mesmo.

Formas de organización auténticamente participativas e responsábeis son as que poden marcar o camiño correcto. Volver a fomentar un tecido social baseado e diverso, o próximo, o local é a única porta a un modo de vida auténticamente sustentábel. •

+INFO: SALVA LA SELVA  
[www.salvalaselva.org](http://www.salvalaselva.org)  
[www.facebook.com/salvalaselva](https://www.facebook.com/salvalaselva)



# O acaparamento de terras no Sur



Intermón Oxfam Comité Vigo

Tivas

Cada vez máis, empresas e gobernos adquiren grandes extensións de terras de forma ilexítima e pouco transparente en países onde se pasa fame

**É** a terra un ben mercantil? É lícito especular con ela?

Os últimos datos sosteñen que polo menos 80 millóns de hectáreas foron “vítimas” das transaccións comerciais desde o ano 2001 –o que equivalería a vinte veces o tamaño dos Países Baixos. É dicir, grandes extensións de terra que supoñen o sustento de moitas persoas que viven da agricultura e a gandería son comercializadas como materia prima destinada á produción de “artigos” de consumo masivo –humano, animal ou até industrial. Trátase de procesos de privatización, vendas ou arrendamentos a longo prazo.

Cada vez máis, as grandes multinacionais invisten en terras destinadas á agricultura en países pobres, sempre con fins comerciais, o cal, de entrada,

**En moitos casos, aquelas terras vendidas como terreos “sen uso” ou “sen explotar” son as que traballan as familias pobres para cultivar os seus alimentos**

non tería por que ser algo negativo. Con todo, cando esta compra implica a ex-



ABBIE TRAYLER-SMITH / OXFAM

400 familias de pequenos agricultores de Malawi están sembrando una mayor variedad de cultivos durante el año gracias a un proyecto de irrigación de Oxfam.  
“Cuando era joven, la agricultura no estaba tan avanzada como ahora”, dice Leyla Kayere “. No sabíamos nada sobre irrigación. Solíamos cultivar mandioca y mijo para comer, no para vender. Ahora no podría vivir sin tomates. Cuando cocinas sin ellos la comida sabe fatal.”

A imaxe corresponde á Guía Práctica do proxecto CRECE, de Intermón Oxfam

pulsión de centos de familias das súas terras, ou estas producen menos alimentos como consecuencia da especulación, entón convértese nunha práctica con nocivas consecuencias que implican problemas a moitos niveis –destrución de medios de vida e vivendas, conflitos que poden durar moitos anos, pobreza, desequilibrio ou crises medioambientais, entre outros.

O paulatino –aínda que notable– aumento do prezo dos alimentos desde o ano 2008 trouxo como consecuencia unha maior frecuencia destas transaccións. Este feito está motivado polo desaforado aumento da demanda de terras fértiles co obxectivo de cultivar alimen-

tos, producir biocombustibles ou, simplemente, especular co valor das mesmas por parte dos inversores.

En moitos casos, aquelas terras vendidas como terreos “sen uso” ou “sen explotar” son as que traballan as familias pobres para cultivar os seus alimentos. E nun gran número de ocasións, estas familias son expulsadas das súas terras pola forza, ou se incumpren as promesas de compensalas economicamente. A miúdo, as persoas son desaloxadas violentamente por matóns a soldo.

Así, falar da problemática do acaparamento de terras obriga a citar o caso da comunidade de Polochic, en Guate-

Altermundo

mala, pois exemplifica todo o malo dunha política agraria equivocada e dun sistema alimentario roto, que potencia e protexe a creación de grandes latifundios de monocultivos e despraza aos pequenos agricultores, que son os que producen os grans básicos para a alimentación da poboación.

O pasado 2012, e logo dunha multitudinaria marcha campesiña, o presidente da República de Guatemala, Otto Pérez Molina, comprometeuse a devolver as terras ás 14 comunidades expulsadas en marzo de 2011 e a aplicar as medidas cautelares de protección desa poboación ditadas pola Comisión Interamericana de Dereitos Humanos. A día de hoxe o goberno non cumpriu ningún destes compromisos.

Pero non é o único caso. Nos países pobres, unha superficie de terreo equivalente á área metropolitana de Madrid (case 2.000 km<sup>2</sup>) é vendida cada seis días a inversores estranxeiros —o que equivalería a dicir que cada segundo comercialízase o terreo equivalente a un campo de fútbol. A extensión de terra “mercantilizada” a nivel mundial só na última década equivale a catro veces o tamaño de España (203 millóns

## CRECE

**T**al e como denuncia Intermón Oxfam coa súa campaña CRECE, o sistema alimentario mundial está roto e é profundamente inxusto. As grandes compravendas de terras cultivables son un dos principais motivos. Segundo un informe de Oxfam, o 75% dos países onde houbo acaparamento de terras na última década son países con gobernos fráxiles. Trátase de países que, segundo o Banco Mundial, están por baixo da media en participación cidadá e rendición de contas, Estado de dereito, calidade da regulación do sector privado e control da corrupción.

Isto pode supoñer unha catástrofe para as comunidades que, en ocasións, vense despoñidas dos seus fogares e medios de vida debido a acordos aos que non deron o seu consentimento e polos que tampouco reciben compensacións.

Sabemos que o Banco Mundial financia moitas destas transaccións (ade-



mais, ten capacidade de influír en como se mercan e vende as terras). Por iso, Oxfam ten aberta unha petición ao Banco Mundial para que deteña as grandes transaccións de terras até establecer os mecanismos legais para facelo dunha forma máis xusta.

de hectáreas), unha superficie na que se poderían cultivar alimentos para mil millóns de persoas, o mesmo número de persoas que cada noite se deita con

fame en todo o mundo. De feito África, unha das rexións máis afectadas por esta “febre” mundial pola terra, viu como en só dez anos investidores estranxeiros adquiriron terreos agrícolas cunha superficie total que equivale ao tamaño de Kenia.


É posible loitar contra o acaparamento de terras? Sen dúbida, é factible. Con todo, para que isto aconteza é necesario emprender accións internacionais e efectivas. Para comezar, é imperativo que os gobernos ofrezan un acceso seguro á terra para os pequenos agricultores, especialmente no caso das mulleres, pois se atopan con maiores impedimentos para reclamar o que é seu. As estratexias sobre a produción de biocombustibles deben ser inmediatamente revisadas: para que a prioridade de todo plan de cultivo volva ser encher un prato de comida e non un depósito de gasolina. Ademais é necesario realizar investimentos en comunidades marxinalizadas, en contraposición a pensar só en marxes de beneficio. •



La subida de los precios de los alimentos en Lucknow, India, ha golpeado duramente a las comunidades más pobres. Aunque le avergüenza, Tanuja Chanuk ha tenido que pedir recientemente a sus jefes las sobras para alimentar a su familia. "Los precios de los alimentos están aumentando. El coste de la harina crece, el arroz, las legumbres y el aceite son caros", asegura.

Foto: Tom Pietrasik/Oxfam

Outra das láminas da Guía Práctica do proxecto CRECE



# Sousa Santos e a razón indolente



Xoán Hermida  
Consello  
Editorial de  
Altermundo

Profesor nas universidades de Coímbra, Wisconsin-Madison e Warwick, é unha das referencias no proceso do Foro Social Mundial e un dos intelectuais de máis prestixio na América Latina do cambio

**C**oncertar unha cita con Boaventura De Sousa Santos é, xa a priori, unha especie de agasallo inesperado. O preámbulo á entrevista promete. Racha co concepto de pensador 'autista'. Pregunta por AGE e Xosé Manuel Beiras. Interésase por vir a Galicia e inicia a conversa sabedor de que imos empregar os mesmos códigos e parámetros culturais.

Os días anteriores funme preparando, lendo a súa obra máis 'densa' –segundo algúns–, a que poderíamos denominar socioloxía filosófica –*Critica da razón indolente*– e vólve-me pasar como cando me achego a unha obra de profundidade reflexiva: o resto paréceme menor. A obra de socioloxía política de Sousa Santos xa a coñecía, os seus escritos arredor da democracia e da súa reinvención, do fascismo social nas súas diferentes vertentes, da descolonización do saber e da reinvención do poder, da epistemoloxía do sur; pero acho que é nas obras de carácter filosófico onde o pensamento se eleva do microcosmos local, da miseria cotiá, da política 'subparadigmática', da perda de substantivos críticos e da hiperadjetivización, da relación fantasmal entre a teoría e a práctica... cando o pensamento adquire dimensións increíbles e liberadoras. A filosofía crea sempre moitas incertidumes e desasosegos, mais tamén, como diría Fourier, 'vibrations ascendentes'.



ALTERMUNDO

Para o profesor Boaventura Europa debería estar a aprender das prácticas doutros pobos

**Falas da reinvención da democracia e do fascismo social no que vivimos, pero non habería que facer algo de autocrítica na esquerda, por que no fondo a democracia case se lles regalou, non? É dicir, unha boa parte da esquerda veuna como algo ligado ao capitalismo –democracia igual a capitalismo–, e agora toda esta situación de fascismo social na que vivimos no fondo non é que necesitamos recuperar o substrato democrático para construír unha alternativa?**

Eu penso que é iso aí. Coido que hai un rescate que se está a facer, é dicir, historicamente cando comparamos os mo-

vementsos dos xoves no final do século XIX en Europa cos movementos dos indignados hoxe, vemos que unha das cousas máis notoria é que nese intre non tería sentido ningún para os mozos anarquistas que lanzaban bombas en Londres, París e Moscova pedir a 'democracia xa!' ou a 'democracia real!'. Porque a democracia era unha cousa burguesa, que non tiña ningún interese para as clases que loitaban contra a opresión e a dominación. Porén, o que aconteceu é que despois dun século de loitas, e sobre todo despois da segunda guerra mundial, tivemos que xogar dentro do campo democrático e o imaxina-

rio da democracia como ideal entra na propia base social da esquerda. Non entrou inmediatamente nos partidos de esquerdas pero está a entrar, e esa auto-critica penso que hoxe está feita fundamentalmente coa idea de que a democracia liberal é falsa por que é pouca. É dicir, nos temos unha democracia mellor e polo tanto a idea da radicalización da democracia, de 'democratizar a democracia' —que é o concepto que está defendendo a miña definición do socialismo como democracia sen fin—, unha democracia que non pode ser só nun espazo público, que ten que estar tamén na casa, na fábrica, na rúa, na Universidade, no traballo... Son ideas que só son posibles despois de moita loita social dentro dun campo dun sistema político, loitas que non saíron todas derrotadas senón que algunhas até lograron conquistar dereitos sociais e económicos. Só con moita loita se conquistaron e só con moita loita se van manter por que nada é irreversible, como estamos a ver actualmente, e polo tanto eu coido que esa autocritica hoxe xa case está feita, é dicir, a dificultade que nós temos é asumila.

**Máis aínda as actuais ferramentas de cambio sexan partidos ou sexan movementos sociais, aínda están pensadas máis en clave de conquista de poder que de hexemonía democrática gramsciana, non? Daquela no fondo nos gañan a batalla na hexemonía cultural democrática por que nós actuamos con ferramentas do século XIX.**

Non teñas dúbida! De feito no que respecta a iso hai medio camiño andado, ou sexa, admítese hoxe que a democracia é un campo de escoita e no fondo a esquerda debe estar do lado de afondar na democracia, porque realmente a democracia foi creada, sobre todo en Europa, nunha permanente tensión co capitalismo. É evidente que xa coñeces as teorías da esquerda que dicían que a democracia nunca pode ser real porque ela non democratiza a rela-

ción social fundamental, que é a relación capital-traballo, e polo tanto é burguesa. O que a xente viu é que esa relación capital-traballo tamén se transformou, e viu que houbo moitas outras loitas, a das mulleres por exemplo, que non eran propiamente as loitas das fábricas pero eran loitas importantes e que se conquistaban. Polo tanto houbo toda unha transformación.

Agora, en termos de concepción política é evidente que esa transformación non se deu e temos hoxe dous paradigmas. Por un lado tes o paradigma de que o importante é conquistar o poder. Pero

## **A esquerda debe estar do lado de afondar na democracia, porque realmente a democracia foi creada, sobre todo en Europa, nunha permanente tensión co capitalismo**

cada vez máis hoxe —sobre todo no sur de Europa— vese dun xeito moi claro que iso non abonda, porque podes conquistar o poder pero vas ter que facer exactamente o mesmo. E despois temos outro paradigma no polo oposto, o das ideas de transformación dos Zapatistas, pero mal interpretadas. Aínda hai pouco tempo estiven en San Cristobal de las Casas nesta discusión, con algúns que facendo malas interpretacións viñeron con esta idea de transformar o mundo sen conquistar o poder. Nós temos que conquistar o poder, non vexo outra posibilidade. O poder ten que ser conquistado e transformado, polo tanto as dúas tarefas non son incompatíbeis, ten que crearse hexemonía e transformar o poder, sobre todo e fundamentalmente pola transformación do que nós chamamos aquí da demodiversidade, diferentes formas da democracia repre-

sentativa, participativa e comunitaria que poidan articularse e que permitan que esa transformación aconteza tamén nun contexto de conquista do poder.

**Teño a sensación de que existe unha liña de conexión entre o movemento sesentaioitista e o altermundismo, non? É dicir, dalgún xeito as ideas do 68 son as que impulsan o despegue do movemento altermundista. Simplemente estaban cortacircuitadas. Dalgunha maneira necesitaban dúas cousas, necesitaban da caída do muro de Berlín, é dicir, necesitaban da Perestroika. Non porque estea a favor da Perestroika ou en contra, senón para desbloquear a situación. E despois está o papel do feminismo. Ti ves esa conexión movemento sesentaioitista e altermundista ou é un pouco...?**

Non! Existe sendo como son, en fin... a base social dos movementos é moi diferente, porque o movemento do 68 é un movemento fundamentalmente estudantil, un movemento que nace na Europa e que fundamentalmente procura criticar e denunciar a traición dos partidos obreiros. Polo tanto no fondo é un resultado, moito tempo despois, da crítica que xa estaba na Escola de Frankfurt, unha loita de toma de poder e de socialismo. O altermundismo é produto do feito de que no movemento 68 nós aínda tiñamos moi claramente unha opción capitalismo-socialismo. Pero cando se dá a caída do muro de Berlín esa tensión desaparece, porque moitos teñen a impresión de que o capitalismo vencera ao socialismo. Tamén porque se identificou o socialismo real, digámolo así, coa idea do propio socialismo, e automaticamente todo o esquema da loita social foi criado ao longo do século XX na base desa dicotomía.

O Foro Social Mundial e a globalización contrahexemónica ao altermundismo como dis, xorden nun intre no que se parte dunha crise desa grande tensión e desa polarización entre capitalismo e socialismo. Daquela temos que reconstruír a emancipación social sabendo





do que un dos polos, que é o capitalismo, está puxante e o outro está moi indefinido. E é de aí que en lugar de falar do socialismo falamos de 'un outro mundo é posíbel'. Para uns se cadra será o capitalismo cun rostro humano, socialdemocrático. Pero para outros será o socialismo e para outros nin sequera iso, como é o caso dos movementos indíxenas, que consideran que o socialismo é un armadillo branco do mundo occidental como calquera outro, e polo tanto os seus modelos son outros.

Así que agora nós vivimos, digamos, unha constelación de ideas de emancipación social moi creativa, se cadra máis defensiva que o movemento estudantil pero non amparábel nesa dicotomía matriz que tiña. Obviamente as relacións que comentabas existen, pero no 68 o movemento estudantil estaba nunha fase na que a democratización da Universidade non fora tan grande como é hoxe, e agora o que temos son estudantes altamente cualificados e altamente desempregados que son os indignados. A xente que loitaba no 68 non quería trans-

formar a sociedade, non tiña problemas de emprego ao día seguinte.

**Pero esta pluralidade que ti dis que ten o altermundismo, desde xente que quere mudar o sistema até xente que quere un rostro humano do sistema... Ao final isto non se torna nunha contradición irresolúbel que leva a un es-**

**A pluralidade existente no Foro Social Mundial é a nosa forza, mais tamén a nosa fraqueza, iso é indubidábel**

**tancamento do propio movemento. Eu ás veces fago a similitude coa primeira internacional. A primeira internacional era unha internacional plural, ampla, creativa. Acabouse iso e acabouse a pluralidade, pero tamén era "ineficaz". É dicir, vale, o alter-**

**mundismo é moi amplo, vai dende a socialdemocracia até as posicións máis radicais, pero son como unha grande rémora que non é capaz de mudar nada, que simplemente está aí. Isto está na base da crise actual do Foro Social Mundial?**

Si, eu penso que si, que claro a crise do FSM tamén vén doutras orixes, o FSM cando xurde... Esa pluralidade, que é a nosa forza, tamén é a nosa fraqueza, é indubidábel. Por iso todo o meu traballo hoxe é un traballo sobre todo intercultural, sobre a socioloxía das ausencias, sobre a socioloxía das emerxencias, e fundamentalmente a miña proposta da Universidade Popular dos Movementos Sociais no Foro Social Mundial. Aínda agora imos realizar máis oficinas coa idea de que os movementos teñen que recoñecerse mellor uns aos outros, teñen que mudar as súas linguaxes e teñen que recoñecer as diferentes linguaxes. Por exemplo, o LGBT ten que levarse para o movemento obreiro e o movemento obreiro para o LGBT. É realmente unha articulación, porque co FSM

pasamos dunha política de movementos a unha política de intermovementos.

Iso é o que se cadra non se está realizando, porque eu vexo que a política de movementos se está a dar en termos de articulacións de movementos pero dentro do mesmo tema. A Vía Campesina son todos movementos de campesiños, os da muller e a Marcha Mundial das Mulleres son todos movementos de mulleres, o movemento ecolóxico é a mesma cousa, non estamos vendo articulacións entre a Vía Campesina e o sindicalismo, entre a Vía Campesina e o Movemento Indíxena. Pola contra, temos conflitos ás veces graves entre eles, como vimos en Perú e noutros lugares. A crise do FSM tamén resulta dunha tensión que existe no movemento da globalización alternativa, que é a tensión entre ONGs e movementos sociais, esa tensión estaba dende o inicio e podemos dicir que o Cumio dos Pobos que se fixo agora no ámbito de Río+20 foi o punto de eclosión do conflito. As ONGs que teñen estado na base do FSM foron totalmente marxinalizadas polos movementos sociais e probabelmente imos ver iso tamén en Tunisia. Hai un certo baleiro por que os movementos sociais entenderon que as grandes ONGs traizoaron o papel do FSM.

**E que eu xa teño apuntado esa contradición en máis dunha ocasión, Movementos Sociais vs. ONGs como parte da contradición Norte-Sur. Pero tamén ten que ver co tema do contrato social, porque ti apuntas moi ben que o contratualismo social está esgotado tamén. Pero no fondo hai dúas visións moi diferentes do contratualismo social moderno, a de Hobbes e a de Locke, a republicana e a liberal, non? E os movementos sociais representan a republicana, a da participación, a da concientización, mentras que as ONGs beben do contratualismo liberal, son uns intermediarios entre os desamparados e eles mesmos, que son intermediarios dou-**



**tros gobernos. Esa contradición, claro, ten que saltar chegado un intre...**

Si claro, pero tamén as ONGs son entidades moi diferenciadas internamente, porque hai ONGs que naceron practicamente como movementos sociais e simplemente, por mor das condicións dun certo país —sexa Indonesia ou Tailandia—, non permitiron que houbera movemento, de xeito que tiveron que ser organizacións máis restrinxidas, con

## **A crise do FSM tamén resulta dunha tensión no movemento da globalización alternativa, entre ONGs e movementos sociais**

membros ou sen membros pero polo tanto pequenas organizacións, de avogados díganos así, malia que había coalicións que eran para facer o movemento. E despois tes as grandes ONGs, que son as grandes intermediarias e que ademais se beneficiaron moito do capitalismo neoliberal cando o capitalismo global deixou de dar a asistencia internacional aos Estados por considerar que eran perdedores e corruptos, e pasou a dala ás ONGs. Mira para a historia da

creación de ONGs no mundo e como se disparou a partir dos anos 80.

**É podería o movemento dos indignados ocupar ese espazo dos movementos sociais que non existen en Europa? E por outra banda esa estruturación, esa metodoloxía máis líquida de organizacións menos formais ou máis informais permitiría tamén construír tecidos moito máis amplos? A experiencia do 15M e de todos estes movementos pode axudar a unha maior presenza do altermundismo no Norte, ou esta moi afastado?**

Non está. Por exemplo nós imos ter aquí unha xuntanza con eles, imos facer unha acción da Universidade Popular dos Movementos Sociais, que veñen de Inglaterra e Francia, e veñen os movementos do 15M de Madrid e coído que parece que alguén de Barcelona. O problema ás veces é saber se son movementos sociais. Eu acho que non son propiamente movementos sociais, son presenzas colectivas que teñen moita máis dificultade para facer formulación política. Teñen xurdido discusións sobre iso en Madrid e aquí tamén en Portugal, que mostran realmente a gran dificultade de crear unha axenda política. Porque na rúa non se fai formulación política e polo tanto temos que ver despois como se artella o movemento e como garante a súa sustentabilidade, sobre todo cando realmente o seu espazo público é a rúa, que mesmo ten que ser excepcional en moitos países por que no inverno non podemos facer a ocupación das prazas, e por outro lado está a represión policial. Malia isto eu coído que si que ten un gran potencial.

Pero é evidente que foron movementos que non souberon dar partida e articular outras formas de opresión da sociedade europea. Por exemplo, nós temos aquí moito traballo antirracista e vemos como o movemento dos indignados en xeral non busca integrar aos emigrantes nin todos aqueles que loitan contra o racismo fronte a Europa.

Pero é un proceso político que está aí, e ao contrario daqueles que pensan que está feble eu coído que teñen as súas dinámicas. Todos os movementos traballan a un nivel de superficie e a nivel subterráneo. E hai cousas que agora están a acontecer a nivel subterráneo, hai moita reflexión, e despois pode chegar o momento de explotar. Algunhas veces o estoupido é produto dunha carga policial, pode ser a violación dunha muller como vimos agora na India, e este pode xerar o nacemento dun movemento cunha enerxía social que está aí. Son esas cousas que nós nas ciencias sociais e na política ás veces non conseguimos captar debidamente.

**Cres que no Sur non existen estas contradicións, moitas veces artificiais, que temos en Europa? Contradición reforma vs. revolución como antitéticas, entre a táctica e a estratexia... Parece que vivimos nas dicotomías herdadas tamén deste eurocentrismo que dicías ti, iso da diferenza entre a teoría e a práctica, que a esquerda Europea vive unha relación fantasmal entre a teoría e a práctica.**

Claro, iso é o que eu vexo hoxe, porque realmente nós non temos aínda unha reconstrución teórica –coído que se está facendo e que se fará. Por agora estamos moi aferrados a conceptos que realmente non teñen moito sentido, porque coa caída dos termos da dicotomía reforma e revolución se a xente hoxe quixera coller calquera deles, estes serían totalmente distintos do que foron no momento en que esa dicotomía foi criada.

Agora estamos a traballar no proxecto ALICE, que parte fundamentalmente da base de que Europa pode aprender da experiencia do mundo, porque eu penso que Europa neste intre ten moi pouco que ensinar ao mundo. Non é quen de aprender polo seu concepto colonialista, que non lle permite pensar que hai cousas moi importantes que acontecen no Brasil ou na India ou en calquera outro país do cal debíamos estar aprendendo.



Pluralidade na marcha inaugural do Foro Social Mundial de belém do Pará en 2009

Unha das cousas que eu teño aquí, cos nosos estudantes brasileiros ou doutras partes de América Latina, e que nos preguntan: por que vós na Europa non conseguídes resolver o problema do Fondo Monetario Internacional cando nós no Brasil, en México ou na Arxentina si o resolvemos? É dicir, nós desobedecemos, fixemos cousas que non esta-

## Europa neste intre ten moi pouco que ensinar ao mundo. Non é quen de aprender polo seu concepto colonialista


ban dentro da receita, e vós aquí que redes seguir as receitas do Fondo Monetario Internacional cando sabedes que son as receitas desastre. Seguimos discutindo os vellos conceptos que non teñen a realidade do mundo. Pero iso é parte dun certo autismo eurocéntrico que aínda nos domina e que é unha cuestión de xeración. Eu penso que a nova xeración xa non vai pensar nos mesmos termos.

**Os países do Sur de Europa: Portugal, España, Italia, Grecia e as súas respectivas organizacións, poden xogar aí un papel de enlace entre o Sur e o Norte?**

Eu sigo moito a teoría de Fernand Braudel, que vén dicir que o capitalismo naceu no Mediterráneo, e non só no norte, senón que naceu nas dúas franxas do Mediterráneo. Se ollas para as dúas franxas do Mediterráneo están agora nunha grande crise dende Grecia até Portugal e todo o norte de África. Isto mostra que se cadra Europa está tamén no norte de África e sempre estivo, e non se recoñeceu nunca desa forma. Usa o norte da África como a súa fronteira para estancar a inmigración, pero non o considera como parte.

Todo isto para min é como unha metáfora do que está aí, o Sur do Norte e o Sur do Sur cada vez máis van ter que entenderse e ese é o traballo que estamos a intentar facer aquí. Ampliar a partir de aquí o sur da Europa aos diálogos sociais. •

Esta é unha escolma moi reducida dunha entrevista moito máis longa e profunda. Unha outra versión estendida poderase ler en breve no portal web de **Altermundo**. [www.altermundo.org](http://www.altermundo.org)



ECOAR)))

# Alternativas e resposta social

Ecoar é unha nova plataforma nacida na base social viguesa que pretende activar e dinamizar a acción política e social. Un espazo contradiscurso para reaccionarmos colectivamente

**A** crise do capitalismo e o capitalismo mesmo, a privatización dos servizos públicos e a fin do estado do benestar, a ofensiva neoliberal e o desemprego, as deficiencias democráticas e a corrupción, a Europa dos mercados e a pobreza, o consumismo e o deterioro do medio ambiente... Vivimos tempos de crise. Tempos en que se fan evidentes as relacións entre “fenómenos” até entón disimuladas, tenues ou incipientes. Neste contexto, iníciase un proxecto que busca facer posible a necesaria relación entre a indignación política e a tensión na rúa, coa construción de respostas e alternativas sociais e a defensa dos dereitos e as liberdades.

ECOAR))), “Espazo de (Contra)discurso, Construción e Coordinación de Alternativas e Resposta social”, é unha nova plataforma onde conflúen persoas e colectivos da comarca de Vigo con distinta traxectoria e diferentes eidos de especialización na resposta social, que teñen como obxectivo activar e dinamizar a acción política e social popular. ECOAR))) é independente, autofinanciada, asemblearía e conta cuns principios metodolóxicos e ideolóxicos definidos. Despois de meses de construción, ECOAR))) fixo o seu acto de presentación á cidadanía o pasado xoves 21 de marzo, ás 20:30 horas, no Teatro Ensaíde de Vigo.

Esta plataforma é un espazo aberto no que cada persoa ou colectivo pode



achegar as súas propostas e iniciativas. ECOAR))) busca analizar, denunciar e criticar a tiranía dos antisociais, desapequena parte da poboación que quere converter en mercadoría ao resto da xente (e ao planeta mesmo!); pero tamén busca xerar un espazo no que propoer e construír a resposta solidaria e iniciativas concretas, para acadar unha sociedade inclusiva, diversa, horizontal, non violenta e sostible.

Os principios ideolóxicos de ECOAR))) son froito das inxerencias sociais e políticas dos seus integrantes. Baixo estas ideas a plataforma pode desen-

volver unha acción colectiva congruente e efectiva. Os puntos ideolóxicos básicos da plataforma son: anticapitalismo, antiglobalización, consumo responsable, defensa do público, defensa dos dereitos humanos, ecoloxismo, estado social e laico, horizontalización da sociedade, multiculturalismo e non violencia.

Os principios metodolóxicos de ECOAR))) procuran que a vida da plataforma, dos seus membros e da sociedade na que se integran sexa “saudable”, democrática e independente, sen manipulacións e instrumentalizacións. To-

dos/as sumamos, fraternidade e transparencia son os principios xerais de funcionamento da plataforma, ao tempo que o asindicalismo, apartidismo e aconfesionalismo aseguran a súa independencia como colectivo social.

A participación en ECOAR))) é aberta e flexible. Cada membro, individual e colectivo, é libre de participar nas iniciativas que queira, sexan de ECOAR))) ou non. Cadaquén escolle o seu nivel de compromiso na vida da organización: dende a colaboración puntual até a integración nalgún dos Grupos Estruturais –grupos autónomos que sosteñen as accións e ferramentas da plataforma.

Un novo sistema só é posible mediante o traballo de toda a cidadanía. Por esta cuestión ECOAR))) comeza agora unha nova etapa na que espera que todas as persoas participen na construción dunha nova realidade social.

ECOAR))) é un espazo que busca o funcionamento conxunto e a converxencia entre colectivos e cidadanía, entre accións e alternativas... Por esta cuestión, unha das tarefas que vertebra este proxecto é a xeración de ferramentas sociais. Actualmente ECOAR))) conta con catro ferramentas.

### As ferramentas

A primeira delas é a Asemblea. É o lugar onde se propoñen, debaten e deciden as iniciativas a través do consenso. Pero a finalidade última da plataforma é unha contorna dinámica. Que unha acción non se desenvolva “nominalmente” dentro de ECOAR))), non significa que moitos dos/das seus/súas membros non participen no proceso da creación, construción e desenvolvemento dunha iniciativa.

A segunda ferramenta son as Mesas informativas. Co obxectivo de achegar á cidadanía a temática social de xeito directo, as mesas informativas móntanse varias veces ao mes na vía pública. Distribúense textos informativos, transmítense convocatorias de mobilizacións e campañas...; pero tamén son lugar




para que os/as cidadáns/ás participen activamente no movemento social (asinar, denunciar, involucrarse no traballo de colectivos e campañas...). Por outra banda as mesas buscan ofertar un espazo a todos aqueles colectivos e iniciativas individuais que, por cuestións estruturais, non poden estar na rúa.

## ECOAR))) busca a converxencia entre colectivos e cidadanía, entre accións e alternativas...

Unha terceira ferramenta é a Web. O portal [www.ecoar.eu](http://www.ecoar.eu) busca converxerse nun punto de converxencia e coordinación entre colectivos e entre colectivos e cidadanía. Cada colectivo a través dunha clave “sube” os seus pro-

prios contidos: manifestos, convocatorias, vídeos... A web está pensada de xeito útil (dispón dun almanaque onde centralizar e “publicitar” as convocatorias do movemento social vigués, apartados onde consultar cuestións de tipo legal, estratexia social...).

E por último, a Revista. “A Boia. Contracultura dende a Ría”, é outra canle de comunicación da cidadanía vencellada a ECOAR))). Trátase dunha publicación mensual sen ánimo de lucro, que incluíra materiais achegados por individuos, colectivos e o Grupo de (Contra)discurso de ECOAR))). Centrada en asuntos sociais e políticos, busca a converxencia destes coa cultura popular e alternativa. N’A Boia confluirán o informativo co artístico. Cada mes A Boia sairá á rúa a un prezo de 0’50 euros e poderá atoparse en kioscos, centros sociais, bares e cafés da Ría de Vigo e a súa contorna. Os puntos de venda poderán atoparse na páxina web e o primeiro número sairá en Abril. •



Emir Sader  
Carta Maior

# Por que a dereita odia a América Latina?

o remate

**A** dereita odia a América Latina. Antes de nada porque a súa mentalidade colonial e seus intereses a vinculan aos países do centro do capitalismo, aos Estados Unidos en particular, que ten unha relación histórica de conflitos co noso continente. A dereita nunca agacha a súa posición subservinte en relación aos EUA, encantáballe cando os países latinoamericanos eran o patio traseiro do imperio, e cando, por exemplo, na década dos 90 do século pasado, non expresaban ningún interese distinto do de Wáshington e buscaban reproducir as súas políticas.

A dereita non entende a América Latina, nin a pode entender, porque a súa cabeza é a de a anulación diante do que as potencias imperiais envían para nosos países, de aceptación resignada e feliz aos intereses desas potencias.

Comprender a América Latina como continente é entender o que a unifica como continente: o fenómeno histórico de ser colonizada polas potencias europeas e de ser transformada posteriormente en rexión de dominación privilexiada dos EUA. De aí a incapacidade da dereita para entender o significado do nacionalismo e dos líderes nacionais, porque para a dereita non hai dominación e explotación imperialista, e menos aínda o concepto de nación. Eses líderes serían demagogos populistas, que se valerían de visións ficticias para fabricar o seu liderado carismático, fundado no apoio popular.



A propia existencia de América Latina como continente é cuestionada pola dereita. Resalta as diferenzas entre México e o Uruguai, o Brasil e Haití, Arxentina e Guatemala, para tentar dar a idea de que se trata dun agregado de países sen características comúns.

Non mencionan as diferenzas entre Inglaterra e Grecia, Portugal e Alemaña, Suecia España, que no entanto compoñen un continente común. Por que? Porque tiveron e ten un lugar común no sistema capitalista mundial: foron colonizadores, hoxe son imperialistas. Mentres que os países latinoamericanos, tendo diferenzas culturais moito menores que os países europeos entre si, fomos colonizados e hoxe sufrimos a dominación imperialista.

Esos elementos de caracterización son descoñecidos pola dereita, para a

cal o mundo está composto por países modernos e países atrasados, sen articulación como sistema, entre centro e periferia, entre dominadores e dominados.

Así, a dereita nunca entendeu e se opuxo sempre tenazmente aos maiores líderes populares do continente, como Getúlio, Perón, Lázaro Cárdenas, e hoxe oponse frontalmente a Hugo Chávez, a Lula, aos Kirchner, a Mújica, a Evo, a Rafael Correa, a Dilma, a Maduro, alén, é claro, a Fidel e ao Che. Non comprenden por que foron e son os dirixentes políticos máis importantes do continente, porque teñen o apoio popular que os políticos da dereita nunca tiveron.

Aínda máis agora, cando América Latina consegue resistir á crise, non entrar en recesión, continuar diminuíndo a desigualdade, e proxectar líderes como Chávez, Lula, Evo, Rafael Correa, Mújica, Dilma, a incapacidade de dar conta do continente aumenta por parte dos vellos medios de comunicación. A súa ignorancia, os seus clichés, os seus prexuízos lle impiden entender esa dinámica propia do continente.

Só resta á dereita odiar a América Latina, porque odia os movementos populares, aos líderes de esquerda, á loita antiimperialista, á crítica ao capitalismo. Odian o que non poden entender, mais, principalmente, odian porque América Latina protagoniza un movemento que se espeta frontalmente con todo o que a dereita representa. •

**Altermundo** | Suplemento Horizontal, publícase cada dous meses coa revista **Tempos Novos** | [www.altermundo.org](http://www.altermundo.org) | **Consello Editorial:** ALFREDO IGLESIAS, ANA MIRANDA, ANTON FENTE, ANTÓN GÓMEZ-REINO, CÁNIDO GRZYBOWSKI, CARLOS TAIBO, CARME CARBALLO, DAVID RODRÍGUEZ, IMANOL DORCA, LUPE CES, MANUEL CASAL, MARGA TOJO, MIGUEL ANXO FERNÁN VELLO, RAÚL ASEGURADO, REBECA FERNÁNDEZ, ROBERTO MANSILLA, XABIER MACÍAS, XABIER RON, XAVIER SIMÓN, XOÁN HERMIDA, XOÁN R. DOLDÁN, XOSÉ MANUEL BEIRAS | **Coordinador:** MANOEL SANTOS | Teléfono: +34 686 021 933 | Se queres colaborar escribe a [tempos@altermundo.org](mailto:tempos@altermundo.org)